

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
<b>CÓDIGO</b>	
<b>MATERIA</b>	Deseño de Escenografía
<b>DISCIPLINA</b>	Iluminación I
<b>TITULACIÓN</b>	Titulación Superior en Arte Dramática
<b>ESPECIALIDADE</b>	Escenografía
<b>ITINERARIO</b>	
<b>CURSO</b>	2º
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	2
<b>CARÁCTER</b>	Obrigatorio
<b>DEPARTAMENTO</b>	Escenografía
<b>CENTRO</b>	ESAD de Galicia
<b>COORDINADORA</b>	Alejandra Montemayor Suárez
<b>DOCENTE</b>	<b>Nome e apelidos:</b> Alejandra Montemayor Suárez <b>Horario titorías:</b> <a href="http://www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&amp;tit=Titor%EDas">http://www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&amp;tit=Titor%EDas</a> <b>Contacto:</b> <a href="mailto:diasdeluz@gmail.com">diasdeluz@gmail.com</a> / <a href="mailto:alejandra.montemayor@edu.xunta.es">alejandra.montemayor@edu.xunta.es</a>
<b>DESCRIBIÓN</b>	Estudo da natureza da luz e os seus aspectos físicos. Coñecemento de magnitudes e principios fundamentais. Estudo das fontes de luz. Fundamentos teóricos e prácticos do equipo técnico preciso na iluminación teatral. Entedemento das modificacións da características psicofísicas do personaxe a través da luz. Introducción ao manexo da cor na iluminación.
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Aconséllanse os desenvolvidos no 1º curso de Escenografía.
<b>LINGUA EN QUE SE IMPARTE</b>	Galego x      Castelán x      Inglés
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DA DISCIPLINA	
<b>T2</b>	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
<b>T3</b>	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
<b>T8</b>	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
<b>T13</b>	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
<b>X5</b>	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
<b>X6</b>	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
<b>EE1</b>	Concibir as ideas e propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.

<b>EE2</b>	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.	
<b>EE5</b>	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.	
<b>3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA</b>		
<b>COMPETENCIAS VINCULADAS</b>		
1. Obter os coñecementos técnicos precisos e iniciarse nos criterios estéticos no eido da iluminación teatral que no futuro acheguen ao alumnado a ser quen de plantexar e executar un deseño de iluminación a través da dramaturxia da luz.	T2, T8, T13, X5, X6, EE1, EE2, EE5	
2. Coñecer os diferentes aspectos relacionados coa luz, as súas peculiaridades, o seu comportamento e natureza física.	T2, T8, X6	
3. Comprender a relación entre o traballo do/a iluminador/a, o/a escenógrafo/a, o/a figurinista e o/a director/a de escena.	T3, T8, T13, EE5	
4. Potenciar a posta en común e fomentar o respecto tanto ás persoas como aos materiais empregados	T8	
<b>4. CONTIDOS</b>		
<b>TEMAS</b>	<b>SUBTEMAS</b>	<b>HORAS</b>
1. O ollo humano	1.1. Anatomía e vía visual. 1.1.1. Partes do ollo humano e as súas funcións. 1.1.2. Formación de imaxes. 1.1.3. Fotorreceptores. 1.2. Curva de sensibilidade. 1.2.1. Visión fotópica, escotópica e mesópica. 1.2.2. Efecto Purkinje. 1.3. Respostas do ollo ante a luz. 1.3.1. Acomodación. 1.3.2. Adaptación. 1.3.3. Deslumbramiento. 1.3.4. Fatiga e postimaxen	1
2. Natureza e aspectos físicos da luz.	2.1. Natureza física da luz. 2.2. Ondas electromagnéticas. 2.2.1. Lonxitude de onda. 2.2.2. O espectro visíbel. 2.2.3. Espectro continuo e descontinuo.	2

<p>3. Propiedades ópticas da materia.</p>	<p>3.1. O comportamento de materia ante a luz.</p> <p>3.1.1. Reflexión.</p> <p>3.1.2. Absorción.</p> <p>3.1.3. Transmisión.</p> <p>3.1.4. Refracción.</p> <p>3.1.5. Interferencia.</p> <p>3.1.6. Dispersión.</p> <p>3.1.7. Polarización.</p> <p>3.2. As lentes</p> <p>3.2.1. Lentes cóncavas.</p> <p>3.2.2. Lentes convexas.</p> <p>3.2.3. Lentes plano – convexas.</p> <p>3.2.3. Lentes Fresnel.</p> <p>3.2.4. Lentes concentradoras.</p>	<p>4</p>
<p>4. Magnitudes luminosas fundamentais.</p>	<p>4.1. Magnitudes fotométricas.</p> <p>4.1.1. Fluxo luminoso.</p> <p>4.1.2. Intensidade luminosa.</p> <p>4.1.3. Luminancia.</p> <p>4.1.4. Iluminancia.</p> <p>4.1.5. Rendemento luminoso.</p> <p>4.2. Aparatos de medición luminosa.</p> <p>4.3. O sólido fotométrico.</p> <p>4.4. Curvas fotométricas.</p>	<p>1</p>
<p>5. A cor.</p>	<p>5.1. Natureza da cor.</p> <p>5.1.1. O espectro visíbel.</p> <p>5.1.2. A cor dos corpos.</p> <p>5.1.3. Lonxitude de onda.</p> <p>5.1.4. Distribución espectral.</p> <p>5.1.5. Temperatura de cor.</p> <p>5.1.6. A síntese aditiva.</p> <p>5.2. Sistemas de clasificación da cor.</p> <p>5.2.1. A esfera de Runge.</p> <p>5.2.2. O sólido de Ostwald.</p> <p>5.2.3. O NCS estándar.</p> <p>5.2.4. O sistema Munsell.</p> <p>5.2.5. Diagrama cromático CIE.</p> <p>5.3. Os filtros</p> <p>5.3.1. Efecto de cor.</p> <p>5.3.2. Correctores.</p> <p>5.3.3. Difusores.</p> <p>5.3.4. Densidade neutra.</p> <p>5.3.5. Dicroicos.</p> <p>5.4. Psicoloxía da cor.</p> <p>5.4.1. Diferenciación entre cor pigmento e cor luz.</p> <p>5.4.2. Luz e cor no personaxe.</p> <p>5.5. Modificación dos elementos escénicos a través da cor.</p> <p>5.6. Percepción visual aplicada á iluminación.</p>	<p>4</p>

6. Fontes de luz	<p>6.1. Tipos de lámpadas.</p> <p>6.1.1. Lámpadas incandescentes.</p> <p>6.1.1.1. Stándard.</p> <p>6.1.1.2. Halóxena.</p> <p>6.1.1.3. Reflectora.</p> <p>6.1.2. Lámpadas de descarga.</p> <p>6.1.2.1. Vapor de mercurio.</p> <p>6.1.2.1.1. Baixa presión.</p> <p>6.1.2.1.2. Alta presión.</p> <p>6.1.2.1.3. Luz mesturada.</p> <p>6.1.2.1.4. Haloxenuros metálicos.</p> <p>6.1.2.1. Vapor de sodio.</p> <p>6.1.2.1.1. Baixa presión.</p> <p>6.1.2.1.2. Alta presión.</p> <p>6.1.3. Lámpadas de inducción.</p> <p>6.1.4. Lámpadas de xenón.</p> <p>6.1.5. Tubos luminiscentes.</p> <p>6.1.6. Paneis electroluminiscentes.</p> <p>6.1.7. Láser.</p> <p>6.1.8. Fibra óptica.</p> <p>6.1.9. LEDs</p> <p>6.1.9.1. OLEDs</p> <p>6.1.10. Quimioluminiscencia.</p> <p>6.2. Factores a ter en conta.</p> <p>6.2.1. IRC: sistema de clasificación.</p> <p>6.2.2. Distribución espectral.</p> <p>6.2.3. Curvas de distribución luminosa.</p> <p>6.2.4. Depreciación da eficiencia luminosa.</p>	2
7. Os proxectores de luz teatral	<p>7.1. Panoramas.</p> <p>7.2. PAR-64.</p> <p>7.3. P/C.</p> <p>7.4. Fresnel.</p> <p>7.5. Recorte.</p> <p>7.6. Cañón.</p> <p>7.7. Beam.</p> <p>7.8. Svoboda.</p> <p>7.9. Estroboscópicos.</p> <p>7.10. Robotizados.</p>	5
8. Ubicación dos proxectores.	<p>8.1. Iluminación frontal.</p> <p>8.1.1. Frontal pura.</p> <p>8.1.2. Frontolateral.</p> <p>8.2. Iluminación lateral.</p> <p>8.2.1. Lateral pura.</p> <p>8.2.2. Lateral dende vara</p> <p>8.3. Iluminación de contra.</p> <p>8.4. Iluminación cenital.</p> <p>8.5. Iluminación contrapicada.</p> <p>8.6. Iluminación rasante.</p>	3

9. Esquemas básicos de iluminación.	<p>9.1. Esquemas de luz xeral.</p> <p>9.1.1. O aforado da caixa escénica e a luz xeral.</p> <p>9.1.2. Sistema Mc Candless.</p> <p>9.1.3. Sistema de triangulación.</p> <p>9.1.4. Outros esquemas de luz xeral.</p> <p>9.2. Características propias dos diferentes espectáculos.</p> <p>9.2.1. Teatro clásico.</p> <p>9.2.2. Teatro contemporáneo.</p> <p>9.2.3. Ballet clásico.</p> <p>9.2.4. Danza contemporánea.</p> <p>9.2.5. Ópera.</p> <p>9.2.6. Musical.</p> <p>9.2.7. Cabaret.</p> <p>9.2.8. Rock.</p> <p>9.3. Luces puntuais e de efecto.</p> <p>9.4. Psicoloxía do personaxe.</p> <p>9.4.1. Modificación das características psico-físicas do personaxe a partires da situación e dirección dos proxectores.</p>	3
10. Infraestrutura teatral para a iluminación.	<p>10.1. Varas manuais e electrificadas.</p> <p>10.2. Truss.</p> <p>10.3. Torres de rúa.</p> <p>10.4. Circuitos e conexións.</p> <p>10.5. Cicloramas.</p> <p>10.6. Panoramas.</p> <p>10.7. Proxectores</p>	1
11. O control da luz.	<p>11.1. Dimmer</p> <p>11.2. Patch.</p> <p>11.3. Protocolo DMX-512.</p> <p>11.4. A mesa de luces</p>	2
12. Traballos en torno á iluminación.	<p>13.1. Análise do traballo de iluminadores/as pertencentes a distintos campos: teatro, cinema, artes plásticas, arquitectura...</p>	2
<b>TOTAL HORAS</b>		<b>30</b>

#### 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Exposición maxistral	10	4	14
Exposición práctico-teórica	8	2	10
Práctica colectiva	6	2	8
Titorías individuais	2	6	8
Actividades de avaliación. Probas	4	16	20
TOTAL	30	30	60
PORCENTAXE	50%	50%	

<b>6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE</b>		
<b>Actividades</b>	<b>Descrición</b>	
Exposicións maxistras.	Exposicións por parte da docente dos coñecementos teóricos precisos para o desenvolvemento da práctica da iluminación teatral. Apoiaranse con material audiovisual que será entregado posteriormente para a súa revisión e/o consulta.	
Exposicións práctico-teórica.	Faranse no teatro, realizando unha práctica ao mesmo tempo que o docente indica as directrices teóricas.	
Prácticas individuais e colectivas.	Desenvolveranse baixo a supervisión da docente, aplicando os contidos aprendidos.	
Titorías individuais e colectivas.	Asesoramento sobre os diversos temas que compoñen a programación tanto de xeito teórico como teórico-práctico.	
<b>7. ATENCIÓN PERSONALIZADA</b>		
Afondamento nos coñecementos	O alumnado que desexe afondar en calquera dos temas indicados nesta guía docente poderá solicitalo á profesora.	
<b>8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN</b>		
<b>8.1 Avaliación ordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Realización dunha proba escrita sobre os coñecementos teóricos acadados.	T2, T3, T8, X5, X6, EE1, EE2, EE5	80%
Asistencia a clase, puntualidade, participación...	T13	20%
Nota 1: O 10% de faltas de asistencia a clase suporá a perda de avaliación continua.		
<b>8.2. Avaliación extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Proba escrita sobre os coñecementos teóricos que se indican na programación	T2, T3, T8, EE1, EE2, EE5	70%
Análise dun video no que se relacionarán os conceptos desta guía docente coas imaxes propostas.	T2, T3, T8, T13, X5, X6, EE1, EE2, EE5	30%
Nota 1: O/a alumno/a que se atope nesta situación deberá contactar coa profesora o mes anterior á avaliación extraordinaria.		
Nota 2: Recomendase a asistencia a titorías.		
Nota 3: Para aprobar a materia todas as partes deberán ser aprobadas.		
<b>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Proba escrita sobre os coñecementos teóricos que se indican na programación	T2, T3, T8, EE1, EE2, EE5	70%

Análise dun video no que se relacionarán os conceptos desta guía docente coas imaxes propostas.	T2, T3, T8, T13, X5, X6, EE1, EE2, EE5	30%
---	--	-----

Nota 1: O/a alumno/a que se atope nesta situación deberá contactar coa profesora ao menos un mes antes de realizar a proba.

Nota 2: Recomendase a asistencia a titorías.

Nota 3: Para aprobar a materia todas as partes deberán ser aprobadas.

## 9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

### Referencias básicas

KUEPPERS, Harald (1985): *Fundamentos de la teoría de los colores*, Ed. Gustavo Gili, Barcelona.

MORENO, JUAN CARLOS – LINARES, CÉSAR (2005): Cuadernos de Técnicas Escénicas, Iluminación. Editorial Ñaque. Ciudad Real.

SIRLIN, ELI (2006): *La luz en el teatro. Manual de iluminación*. Inteatro, Instituto Nacional del Teatro. Colección Pedagogía Teatral. Buenos Aires.

TORNQUIST, JORRIT (2008): *Color y luz, teoría y práctica*. Ed. Gustavo Gili. Barcelona.

YOT, RICHARD (2011): *Guía para usar la luz*. Ed. Blume. Londres.

### Referencias complementarias

BOVA, BEN (2004): *Historia de la luz*. Ed. Espasa Forum. Colección Ensayo y Pensamiento. México.

DREYER, KEVIN (2020): *Dance and light. The partnership between choreography and lighting design*. Ed. Routledge. Nueva York.

GALLARDO, SUSANA (2007): *Historia de la luz. El primitivo deslumbramiento ante la luz. Las teorías sobre su naturaleza y sus modernos usos en la industria de la información*. Ed. Capital intelectual. Estación ciencia. Buenos Aires.

HELLER, EVA (2004): *Psicología del color. Cómo actúan los colores sobre los sentimientos y la razón*. Ed. Gustavo Gili, Barcelona.

LOISELEUX, JACQUES (2004): *La luz en el cine. Cómo se ilumina con palabras. Cómo se escribe con la luz*. Ed. Paidós, "Cahiers du Cinéma". Barcelona.

MAAK, TIM HENRYK y PAWLIK, KAY (2011): *Un discurso de la luz*. Editado por Erco, Alemania.

MANZANO ORREGO, J. JOSÉ (2008): *Electricidad I, Teoría básica y prácticas*. Marcombo Ediciones Técnicas.

ROSSO, PACO (2019): *Control de la iluminación*. Ed. Paraninfo. Madrid.

ROSSO, PACO (2017): *Luminotecnía. Iluminación, captación y tratamiento de la imagen*. Ed. Alcaria, SL. Tarragona.

SÁ, ALFRED (2015): *Aplicaciones del LED en diseño de iluminación*. Ed. Marcombo. España.

SÁNCHEZ, JOSÉ ANTONIO (2005): *Dramaturgias de la imagen*. Universidad de Castilla la Mancha.

SIMPSON, ROBERT (2003): *Control de la iluminación. Tecnología y aplicaciones*. Ed. Focal Press. Escuela de Cine y Vídeo. Guipúzcoa.

## 10. OBSERVACIONES / RECOMENDACIONES

- Para unha realización segura das prácticas no teatro, será preciso asistir a clase cun calzado axeitado con sola de goma. Non se poderá asistir a clase con sandalias ou calzado similar nin con tacóns.
- Está prohibido acudir a clase tendo consumido alcol ou calquera tipo de sustancias estupefacientes.
- Atención á diversidade: ao tratarse dunha materia cunha gran carga práctica, valorarase cada posible situación de xeito particular para garantir unha resposta ás necesidades temporais ou permanentes de todo o alumnado.
- Esta materia precisa desenvolver as súas prácticas na Sala Pedra Seixa.

#### **MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS**

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serán as que seguen:

**ACTIVIDADE:** Farase unha proba teórica vía telemática. Competencias avaliadas: T2, T3, T8, X5, X6, EE1, EE2, EE5, T13. Ponderación: 100%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

As prácticas levaríanse a cabo cando se puidera acceder ao centro.

**AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).**



